

RÚBRICA TRABALLO EN EQUIPO: *Canto contas cando cantas* (versión docente)

	4 Excelente	3 Satisfactorio	2 Mellorable	1 Insuficiente
Participación e colaboración	Todos os membros do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando aos demais. (4)	A maior parte dos membros do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudando aos demais. (3)	A metade dos membros do equipo participaron activamente nas tarefas propostas e colaboraron axudándose entre si. (2)	Só un membro do equipo (ou ningún) participou de forma activa nas tarefas propostas e non houbo colaboración nin axuda entre eles. (1)
Distribución das tarefas	As tarefas repartíronse de forma equitativa entre todos os membros do equipo. (4)	A maior parte das tarefas repartíronse de forma equitativa entre todos os membros do equipo. (3)	Só a metade das tarefas repartíronse de forma equitativa entre todos os membros do equipo. (2)	Houbo un reparto moi desigual das tarefas entre os diferentes membros do equipo. (1)
Integración entre os Membros do Equipo	Durante a realización de todas as tarefas, os membros do equipo expresaron libremente as súas opinións e puntos de vista, escoitaron as opinións dos demais e foron capaces de chegar a un consenso. (4)	Durante a realización da maior parte das tarefas, os membros do equipo expresaron as súas opinións con liberdade, escoitaron aos demais e foron capaces de chegar a un consenso. (3)	Durante a realización das tarefas, só a metade dos membros do equipo expresaron libremente as súas opinións, escoitaron as dos demais e lograron poñerse de acordo. (2)	Durante a realización das tarefas, só un membro do equipo expresou a súa opinión, non houbo diálogo e impúxose a opinión dunha soa persoa. (1)
Asunción de funcións e responsabilidades	Todos os membros do equipo exerceron moi ben as súas funcións e cumpriron á perfección as súas responsabilidades. (4)	A maior parte dos membros do equipo exerceu as súas funcións e cumpriu coas súas responsabilidades. (3)	Só a metade dos compoñentes do equipo exerceu ben as súas funcións e cumpriu coas súas responsabilidades. (2)	Só un membro do equipo (ou ningún) exerceu ben as súas funcións e cumpriu coas súas responsabilidades. (1)



“Rúbrica traballo en equipo: *Canto contas cando cantas* (versión docente)”, do proxecto cREAgal. Obra derivada de CEDEC. [Rúbrica para evaluar el trabajo en equipo](#) publicada baixo [licenza Creative Commons Atribución-Compartir Igual 4.0 España \(CC BY-SA 4.0\)](#).